



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN/HA TRABALLADOR/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL, DURANTE O PERÍODO CORRESPONDENTE Á BAIXA POR IT DA TRABALLADORA TITULAR, A TEMPO PARCIAL, 25 HORAS/SEMANA) A TRAVÉS DO SISTEMA DE SELECCIÓN DE CONCURSO LIBRE E ENTREVISTA PERSOAL.

1.- Obxecto da convocatoria e procedemento de selección

É obxecto da presente convocatoria regular a contratación laboral temporal, na modalidade de interinidade en substitución da baixa por IT da titular do posto, dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (categoría profesional de traballador/a social, tempo parcial, 25 horas/semana).

O sistema de selección será a través do sistema de selección de concurso libre e unha entrevista persoal.

2.- Funcións do posto

O cometido funcional do posto versará sobre as tarefas propias do posto en relación coas competencias municipais en materia de servizos sociais na comunidade de Galicia.

Tamén deberá realizar aquelas tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais competentes ou polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

3.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea (en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é neste sector de aplicación a libre circulación de traballadores) ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ter máis de dezaioito anos de idade (ou ter entre dezaséis e dezaioito anos, vivir de forma independente, con consentimento dos seus pais ou tutores, ou con autorización da persoa ou institución que os teña ao seu cargo, nos termos do artigo 7.b) do Estatuto dos Traballadores) e non ter acadada a idade de xubilación.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar


DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/XSL/Pleno

aprobou de xeito inicial/provisorio/definitivo

este documento o día 18 de 10 de 2016.

SECRETARÍA

1/10





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incapacidade nin de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Estar en posesión do título de grao en Traballo Social (nivel 2) ou diplomado en Traballo Social ou atoparse en condición de obtelo no momento de presentar a solicitude. Neste derradeiro suposto, os aspirantes deberán achegar a documentación xustificativa de ter solicitado o título e do pagamento, se for o caso, das taxas para a súa expedición.
- Estar en posesión do permiso de condución B.

4.- Solicitude de participación no procedemento.

Para poder cubrir a vacante solicitarase oferta á oficina de emprego correspondente ademais de poder presentaren todos os demais interesados solicitude no rexistro municipal do Concello.

Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral, segundo o modelo que se achega con estas bases, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, Reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, durante o prazo de **(5) cinco días hábiles**, contados a partir da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e na web do Concello. Ademais, ao mesmo tempo, solicitarase oferta á oficina de emprego correspondente a fin de que os seleccionados por dita oficina poidan presentar a instancia no mesmo prazo indicado, sendo o horario de presentación de documentación:

-de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.

Porén, dada a urxencia na contratación, de non presentarse a solicitude no Rexistro Xeral do Concello, deberán remitir ao fax 981672282 copia da instancia de participación no procedemento avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/92. A falta de cumprimentación deste trámite poderá dar lugar ao decaemento do dereito do interesado a participar no procedemento se a súa solicitude de participación non se recibe no prazo establecido ao efecto.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia cotexada (por Notario, Concello de Carral, ou polo rexistro onde se presente a solicitude, segundo o artigo 38 da Lei 30/92, non admitíndose ningunha outra compulsas, segundo a normativa vixente) do D.N.I., pasaporte ou documento que acredite a súa nacionalidade e identidade.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; no

DILIXENCIA para facer constar que Alcalde/XGL/Pleno
sarebrou de legalizar / provisoria / definitiva
forma de legalización / documento o día 18 de 10 de 2016

2/10



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. (Anexo II)

- Copia cotexada do título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa correspondente cando aínda non se dispoña del. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Relación de méritos e documentación acreditativa da súa posesión, orixinal ou cotexada.
- Xustificante de posuír o permiso de conducir de clase B.
- Xustificante, no seu caso, do coñecemento da lingua galega.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Tampouco se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Toda a documentación achegada en copia deberá presentarse compulsada polo Concello de Carral ou Notario ou polo rexistro onde se presente a solicitude, segundo o artigo 38 da Lei 30/92, (non se aceptarán outras compulsas, de acordo coa normativa vixente na materia).

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude; se ben, os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán enmendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

5.-Relación de admitidos/as e excluídos/as

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias e instruído o expediente por quen designe a Alcaldía, aos efectos da comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos, aprobarase a lista de admitidos/as e de excluídos/as ao procedemento de selección que se fixará no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto formal que motivase a exclusión (non para achegar novos méritos ou requisitos) para reclamacións ou corrección de erros.

No suposto de producírense reclamacións, dítarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, previo ditame do tribunal constituído para vulgar o proceso, o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de dous días hábiles do remate do prazo anterior. No caso de non advertirse erros nin deficiencias que deban ser subsanados, a listaxe aprobada considerarase definitiva.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificadas documentalmente.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

6.- Órgano de selección

DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/XGL/Pleno aprobou de xeito inicial /provisorio /definitivo tomou en consideración o documento o día 18 de 10 de 2016
o secretario

3/10



3



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

1.- Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición publicárase no taboleiro de anuncios do Concello.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.- Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, notificándoo á autoridade convocante. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

7.- Fase de concurso

Na fase de concurso os aspirantes poderán acadar unha puntuación máxima de (5) cinco puntos e nela unicamente serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Experiencia: valorárase o tempo traballado en postos de traballador/a social. A puntuación por este concepto será de 3 puntos.

- a) servizos prestados na Administración Local: 0,075 puntos por mes de traballo.
- b) servizos prestados noutras Administracións Públicas: 0,05 puntos por mes de traballo.
- c) servizos prestados no sector privado: 0,025 puntos por mes de traballo.

Para estes efectos os meses terán unha duración de 30 días.


A experiencia laboral acreditaranse mediante copia do contrato de traballo e informe de vida laboral. No caso de ter prestado servizos nas Administracións Públicas, a experiencia poderá acreditarse cunha certificación de servizos prestados.

b) Formación: cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, ata un máximo de 1,50 puntos, segundo se indica:

DILIXENCIA: Para facer constar que a Alcaldía/XGL/Pleno aprobou este xeito inicial e provisorio / definitivo
formando parte deste documento o día 18 de 10 de 2016
O SECRETARIO

4/10





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

- a) Cursos de máis de 201 horas: 0,50 puntos
- b) Cursos de 101 a 200 horas: 0,40 puntos
- c) Cursos de 71 a 100 horas: 0,30 puntos
- d) Cursos de 41 a 70 horas: 0,20 puntos
- e) Cursos de 15 a 40 horas: 0,10 puntos

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado con aproveitamento o curso, ben sexa a través dun exemplar orixinal ou mediante copia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral de informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso, de orixinal ou copia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral de certificado, ou de copia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral do diploma expedido pola entidade organizadora (calquera das tres xustificacións é válida).

c) Por coñecemento específico do idioma galego: (Máximo 0,5 puntos)

- Curso de linguaxe administrativa media ou Celga 3 : 0,20 puntos.
- Curso de linguaxe administrativa superior ou Celga 4 : 0,30 puntos.

8.- Fase de entrevista

Realizarase unha entrevista persoal que versará sobre o curriculum e a experiencia no posto a desenvolver onde os aspirantes poderán acadar ata un máximo de (2) dous puntos.

A data, hora e lugar da entrevista fixarase no taboleiro de anuncios do Concello na mesma acta de valoración da documentación presentada na fase de concurso.

9.- CALIFICACIÓN DO PROCESO SELECTIVO E A SÚA PUBLICIDADE

Á vista da documentación achegada polos candidatos, o tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso cuxa valoración será publicada no taboleiro de anuncios do Concello dándolle un prazo para reclamacións ou alegacións. No mesmo anuncio publicarase a data, o lugar e o horario da entrevista.

Á vista da documentación achegada polos candidatos, o tribunal calculará a cualificación final de cada un deles. Esta será a suma da puntuacións obtidas no concurso e na entrevista, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes.


Unha vez rematada a fase de concurso e entrevista publicarase igualmente no taboleiro de anuncios do Concello a puntuación final dos aspirantes establecendo así mesmo un prazo para reclamacións.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que teña máis experiencia acreditada no expediente nun posto similar. Se aínda así continúa o empate, resolverase a favor de quen máis tempo leve en situación de desempregado/a.

O tribunal, á vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ao órgano competente a contratación do/a aspirante que obtivese as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superar o número de

DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/XGL/Pleno aprobou o xeito inicial / provisorio / definitivo (concedido) deste documento o día 18 de 10 de 2016

5/10





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

propostos/as da praza convocada.

O acordo que adopte o órgano competente será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de todos os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

As persoas que se presenten á selección e, cumprindo os requisitos mínimos, non acaden praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, con duración ata a incorporación da traballadora titular, de tal maneira que, se o Concello precisase de persoal para aqueles supostos nos que quede vacante a praza que se selecciona, coma consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT, do/a titular ou por outra causa contemplada legalmente.
- vacacións, permisos ou descansos do/a titular.
- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba.

acudirase a dita bolsa, seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

No suposto de que conste en poder do concello documentación acreditativa conforme a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, ben sexa para o propio Concello, para calquera outra administración ou para unha empresa privada, non se procederá o seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista.

Así mesmo, pasarase a chamar ao/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

O/a traballador/a estará encargado/a de realizar os labores que o Concello considere necesarias dentro da súa categoría.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O/A aspirante proposto/a presentará no rexistro do Concello, no prazo que se lle outorgue dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:


- *Copia compulsada polo Concello de Carral ou Notario da tarxeta da seguridade social.
- *Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.
- *Ficha de datos esixidos polo Departamento de Persoal municipal para a elaboración das nóminas.

Tralo proceso de selección, á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, e da documentación indicada, o alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, subscribirá o correspondente contrato laboral co/a aspirante proposto/a polo tribunal, que pasará a ter a condición de persoal laboral de contratación temporal a cargo deste concello.

DILIXENCIA Para poder constar que Alcaidía/XGL/Pleno aprobou o presente inicial/provisorio/definitivo tanto no seu Sistema Documental o día 18 de 10 de 2016
O SÉC. 19

6/10

CONCELLO DE CARRAL
ALCALDÍA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

O acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de todos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O período de proba que se establecerá no contrato será o máximo legal, sendo motivo de extinción do contrato o non superalo.

As remuneracións brutas por todos os conceptos do/a traballador/a que se contrate serán as indicadas:

Salario: 994,25 €/mes brutos.

P.P extra: 165,71 €/ mes brutos

11.- Norma final

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De presentárense reclamacións ás bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

Do mesmo xeito, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.

Carral, 13 de setembro de 2016

O ALCALDE

José L. Fernández Mourino

ANEXO I

DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/XGL/Pleno aprobou este xeito Anúnci /provisorio / definitivo tomou razón deste documento o día 18 de 10 de 2016

7/10



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 I

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/a de D.N.I. nº.....
con enderezo na R/.....nº.....piso.....
C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Carral para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado **dun/ha traballador/a para o departamento de Servicos Sociais (con categoría profesional de traballador/a social, durante o periodo correspondente a baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial, 25horas/semana)**

DECLARO:

1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria, sen obxección algunha con respecto ás mesmas.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan, achegando en relación adxunta relación dos documentos que uno a esta solicitude.

Carral , de de 2016

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARRAL .-

DILIXENCIA: Para facer constar que Alcaldía/XGL/Pleno aprobou de xeito final / provisorio / definitivo tomou en este documento o día 18 de 10 de 2016



8/10





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-1502100 1

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a provisto/a de D.N.I. nº, con enderezo na R/ núm. piso..... C.P. Localidade, Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

Que cumpro todos os requisitos mínimos esixidos para participar na convocatoria pública realizada polo Concello de Carral para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado **dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais (con categoría profesional de traballador/a social, durante o periodo correspondente a baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial, 25horas/semana)** e que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Carral,.....de..... 2016

Asdo:.....

DIRECCIÓN: Para facer constar que Alcaldía/XGL/Pleno aprobou de xeito definitivo o presente documento a día 18 de 10 de 2016

SECRETARÍA

10/10

CONCELLO DE CARRAL
A CORUÑA